

CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA

1361, marzo, 21  
*foro*

350

*Lopo Rodríguez de Sabadelle afóralles a tres voces a Afonso Domínguez e á súa muller, María Domínguez, un casal en Vilarchao por terza de pan "tenporao", cuarta de "serodeo", un carneiro ou 5 mrs., un porco ou 8 libras, un mr. de pan branco e un almude de viño, e por loitosa a mellor cabeza.*

ACOu, Escrituras X, 30

Sabbeam quantos esta carta viren *que* eu Loppo Rodrigues de Sabadelle escudeiro morador no dito lugar, afforo a vos Affonso Domingues e a Maria Domingues vosa moller *que* presente non he, moradores na freguisia de Sam Miguell de Calvelle no lugar a *que* chaman Villarchao, en vossas vidas danbos e dous et a tres vossas voces apos do finamento de vos anbos nomeadas huna apos outra, et se as non nomeardes en vosa vida ou a tempo de voso finamento *que* aquel *que* herdar os vossos beens de dereito seia voz e faça voces en este afforamento sucesive. Afforovos o meu casar *que* eu ey enna dita freguisia no lugar a *que* chaman Vilarchao en *que* vos ia moravades, asy *que* vos e as ditas vossas voces o aiades con todas suas entradas e seydas e con todos seus jures e perteenças e arvores e cassas por hu *que* el vaan a montes e a fontes et o lavredes e paredes bem de cada a nno commo se non perca por mingua de boo labor nen por mao paramento, et façades a min e a miña voz vos e as ditas vossas voces foro de terza de todo pam tenporao, et foro de quarta de todo pan serodeo, salvo *que* vos no n afforo a cortina *que* eu y teño tapada nenno paaço con seus paredeyros. Et por dereitura huun porqo boon ou oyto libras de diñeiros brancos por el desta moeda husavyl *que* ora corre de *que* contam qoreenta pares por tres libras con huun mor. en pam branco e huun almude de vino cada anno por dia de Sam Martiño do mes de novembro. Et por dia de Sam Johan Bautista huun carneyro boon ou cinco mor. por el con outro tanto pam e vino. Et por loytosa a mellor cabeza *que* vos e vosas voces ouverdes ao tempo de vossos finamentos, et nonna avendo *que* se pague commo he custume da dita terra. Et en este tempo *que* vos e as ditas vossas voces proveades de comer e de beber ao moordomo *que* por min ou por miña voz y andar en quanto se coller o dito pam, sen o qual non devedes acoller o dito pam. Et se vos ou as ditas vossas voces o dito casar ou parte del quisardes vender, arrendar, deytar, supenorar, *que* o façades ante a min ou a miña voz ca a outro por aquel preço *que* vos outro por el der *que* seia sem malicia, et non no querendo eu ou a miña voz por aquel preço e contia *que* o façades aa tal pessoa *que* seia semelavyl de vos et *que* conpra e aguarde todas estas condiçoens sobre ditas e cada huna dellas. Et ao finamento de vos e das ditas vossas voces *que* o dito cassar fique a min ou a miña voz livre e quite e desenbargado de todo outro embargo e carrego ninhuun, novydades alçadas e o foro e dereituras e loytosa pagada. Et para vos e as ditas vossas voces seerdes anparados e deffessos a dereito con o dito casar, obrigovos todos meus beens gaañados e por gaañar. Et eu o dito Affonso Domingues *que* soo presente por min e pola dita miña moller *que* presente non he asy reço de vos o dito Loppo Rodrigues o dito cassar afforado en nossas vidas e polas ditas nossas voces pelas condiçoens sobre ditas e cada huna dellas. Et para o todo asy conprirmos e aguardarmos commo dito he obrigamos vos todos nosos beens gaañados e por gaañar. Et he posto ontre nos as ditas partes *que* qual *que* de nos ou da nosa voz *que* contra esto *que* dito he veer en parte ou en todo *que* peyte aa outra parte *que* o conprir e aguardar quiser por penna c mor. de diñeiros brancos e aa voz del rey outros tantos, et a penna pagada ou non *que* esta carta e afforamento fique firme e vala commo dito he. Esto foy en Ourens e, viinte e huun dias do mes de março, era de mill ccc e noventa e nove annos. Testemoyas *que* a esto presentes

foron Meen *Gonçalves* escudeiro de dom *Fernando* de Castro e *Vasco Peres* de Caçaligo de Velle e *Johan Martines* e *Domingo Peres* de Figeyroaa e *Gonçalvo Rodrigues* sobriño do dito *Loppo Rodrigues* e *Johan* de Calvelle.

Et eu *Vicente Suarez* notario publico da çidade d'Ourense pelo bispo e pola igleia desse lugar *que* a esto presente foy e esta carta e outra tal anbas en huun tenor *partidas por .a.b.c. escrivy* e en ellas meu sinal puge *que* tal he.

(*sinal*)

[*reverso*] *Carta* de Calvelle